

Orgullo mariñano

**Severino Balseiro**  
Modelista naval de Celeiro (Viveiro)

# «Unha maqueta lévame entre dúas mil e dúas mil cincocentas horas»

Ao longo da súa vida, fixo unhas 20 de barcos e parte expóñense agora en Viveiro

**YOLANDA GARCÍA**  
VIVEIRO / LA VOZ

Ao longo de toda a súa vida, unhas vinte maquetas de barcos a escala viron a luz grazas ás mans de Severino Balseiro (1955, Celeiro-Viveiro), un apaixonado pola carpintería aínda que a súa traxectoria profesional estivo ligada ao mar dende os 15 aos 22 anos e despois, ata os 59, a Alcoa. Por iso, agora xubilado, pode entregar horas do seu día a tocar o órgano... e a facer barcos en «miniatura». Catorce deles expóñense actualmente no Conservatorio de Viveiro dentro da iniciativa sociocultural Vivemar e, no seu caso, formando parte da actividade da Asociación Modelismo Naval y RC (radiocontrol) recén constituída en Ferrol e á que pertence na actualidade.

**—Cantos anos leva dedicándose ao modelismo naval en firme?**

—Dende que parei a andar ao mar con 22 anos parei de facer barcos, porque me fun para Alcoa, ata que me xubilei. Retomei a afección no ano 2003.

**—Por certo, non faría tamén a factoría en maqueta a escala?**

—(Ri). Total, son 12 quilómetros cadrados a superficie que ten... É pouco. Si que teño unha maqueta, que eu inventei, o anagrama de Alcoa, que fixen en papel en tres dimensións, en cartulina e finalmente en roble, dando voltas cun motor de microondas.

**—Volvendo ao tema dos barcos, cantos faría logo?**

—Uns 20. Teño 14 meus e o resto regaléinos no seu día. Tamén fixen un cadro, un medio casco, que teño no salón. Chámase Beibi. Agora estou co Flecha de Celeiro. Vai medir 156 por 36,5 de ancho. A escala é 1:22, igual que o



Severino Balseiro, hai uns anos, diante dunha das moitas maquetas que leva feito na súa vida. P. LOSADA

**A exposición.**

De maquetas de embarcacións mariñeiras e fluviais, dentro do ciclo de Vivemar que organiza delegación do Mar do Concello de Viveiro

**Lugar.** Sala de exposicións do Conservatorio de Viveiro

Pino Ladra e o Mariscador. Penso que é máis complexo polos motores, xa que leva once e funcionan todos, igual que os radares.

**—Por certo, cantas horas lle leva de media facer cada un deles?**

—Entre dúas mil e dúas mil cincocentas horas. Máis ou menos, sabendo as horas que traballo todos os días e os 21 ou 22 meses que me leva facelos. O Pino Ladra acabeino antes, porque fixen máis horas diarias, non porque me dera máis que facer.

**—Como se se dedicase a facer**

**encaixe de bolillos, vamos...**

—Algo parecido. Eu non compro nada máis que a emisora e pouco máis. A construción do barco fágoa toda na casa, no torno e na carpintería. As pastecas teñen rodas, as portas levan visagras e abren e cerran e quítanse... É todo artesanal. Hai pezas tan pequeniñas que levan un traballo moi minucioso.

**—Dálle a vida, verdade?**

—Como non me vai dar a vida! Estou relaxado ao cen por cen!

**—Antes pertencía á asociación Amonaga e agora está nunha nova creada en Ferrol, non si?**

—Estiven en Amonaga dende 2006. Tiña o número once e eramos setenta e pico socios, pero pola inactividade por parte deles e falta de interese, decidín borrar. Para facer navegacións, que agora facemos na Malata en Ferrol, é mellor facelas en nome dunha asociación, non a nivel particular. Se quero navegar na

piscina de Celeiro pedimos permiso ao Concello de Viveiro. Na Mariña non hai un estanque que se preste para isto. No dos patos en Covas non me viran os barcos nin de broma. Se fixeran alí un estanque, estaría marabilloso e daríalle auxe aquí. Non temos onde navegar realmente, pois a piscina non é un sitio idóneo pola temperatura (...) e meter os barcos no mar é complicado porque a auga salgada é mala para eles, aínda que facemos barcos con bos materiais. Eu meto latón e aceiro inoxidable e son barcos feitos en roble ou castaño.

**—Alguén herdou esta paixón dentro da súa familia?**

—Un dos meus fillos, Rubén, fixo tallas en madeira, escudos, cadros... pero non se dedica a isto. O outro, Jabel, está máis centrado no mundo do deporte.

**ARRIBA O PANO!**

*Alma, corazón e vida*

**A**

**Estíbaliz Veiga**

alcaldesa de Betanzos, María Barral entregaba o premio da XVIII edición da Semana Internacional do Cine ó admirable Javier Gutiérrez, na compañía do

director do festival, Chema Paz Gago e de nós, os convidados, compañeiros e seguidores del. A porta do Alfonsetti brilla sobre todo respiraba un grandísimo cariño polo o protagonista. Isabel Blanco, Beatriz Serén, Mariana Carballeda, Rubén Ríos, personalidades da cultura e da moda, todos quixeron formar parte deste aplauso que nunca será suficiente ó primeiro actor que se lle outorga este galardón. Eu tiven a sorte de ir xunto a miña amiga e estilista, Natalia Alcayde, vestindo un modelo de Begoña Peñamaría.

Proxectouse moi bo cine, *El olivo* Iciar Bollain, *El desconocido* Dani de la Torre, *La isla mínima* Alberto Rodríguez... todas pelis onde Javier interpretaba unha variedade de personaxes totalmente diferentes e con gran enxunlla.

Previo á clausura con alfombra vermella e á entrega do merecidísimo premio foi *Vida* (Rubén Ríos), curta na que teño o pracer de participar como actriz pero da cal tamén son guionista.

Unha historia de relacións e amor «máis alá das vidas» dos protas.

Traballo cheo de alma e corazón cos rapaces de ASPANAS (asociación de nais e pais a favor de persoas con discapacidade intelectual de Ourense). Seleccionado en festivais nacionais e internacionais, obtivo o galardón de Mellor Curtametraxe Galega no Festival Primavera do Cine e despois da longa «xira» pedagóxica chegará o 27 de setembro á súa posta de largo con #máisca vida nos cines de Callao (Madrid) enchendoos de alma, corazón e Vida.

\*Estíbaliz Veiga é actriz.

# Combus [B]

Tu Gasolinera de confianza

Combustibles hasta 7 cts/l más baratos

• CARBURANTES ADITIVADOS  
 • DIÉSEL MICROFILTRADO  
 • EL MEJOR PRECIO  
 • ABIERTO 24 H.  
 • AUTOLAVADO CAMIONES  
 • SERVICIO EXCELENTE

Polígono industrial de Landrove - VIVEIRO • [www.combusb.com](http://www.combusb.com)